



2 al 5 de XUÑO, 2011
A CORUÑA

Beatriz Cebas - Xefa de Prensa
www.s8cinema.com
prensa@s8cinema.com

NOTA DE PRENSA

Metrópolis abre a segunda edición do (S8)

- **A gala inaugural será o 1 de xuño no Teatro Colón da Coruña onde se proxectará Metrópolis 27/10.**
- **Poderase ver a película de Fritz Lang na súa versión íntegra e restaurada que inclúe vinte minutos que no seu día foron cortados e críanse perdidos.**
- **A Orquestra Filarmónica Cidade de Pontevedra interpretará a partitura orixinal da obra baixo a dirección de Javier Viceiro.**

A Coruña.- O (S8) Mostra de Cinema Periférico inaugurará a súa segunda edición o próximo 1 de xuño ás 20:00 h no Teatro Colón da Coruña. Para o evento, proxectarase a versión íntegra e restaurada pola Fundación Murnau da obra mestra de Fritz Lang, Metrópolis (1927).

Metrópolis é unha película chave na Historia do Cine. Nesta nova versión o espectador poderá gozar do visionado de vinte minutos que se crían perdidos xa que no seu día foron recortados pola censura norteamericana.

As bobinas foron descubertas en 2008 no Museo do Cine Pablo C. Ducrós Hicken de Bos Aires, na única copia completa que existe a día de hoxe en todo o mundo e que repousaba alí desde 1928.

Os vinte minutos de cinta recuperados testemuñan aínda máis os valores desta obra mestra: a forza da historia de amor, a loita de clases e o erotismo. Valores neutralizados na copia recortada da que dispoñiamos ata o de agora.

Logo de ser sometidos a un impecable proceso de restauración, Metrópolis chega á pantalla do Teatro Colón para ofrecer unha nova dimensión deste clásico da vangarda europea. Ademais, a proxección complétase coa interpretación en directo da súa partitura orixinal interpretada pola Orquestra Filarmónica Cidade de Pontevedra, dirixida por Javier Viceiro.

¿Qué é o (S8)?

O (S8) é un evento cinematográfico internacional que se celebra no Antigo Cárcere Provincial da Coruña do 2 ao 5 de xuño de 2011. A Mostra trae ás nosas pantallas unha estimulante mostra de cine experimental e de vangarda cuxo punto de partida é o Super 8, un formato de referencia na escena audiovisual.

Para máis información, solicitude de entrevistas ou material:
Beatriz Cebas, Xefa de Prensa
prensa@s8cinema.com / 666 90 80 10